Exercicios de apoio da 4ª Quincena

TEMA 12: O espazo xeográfico e as actividades económicas

Exercicios de apoio. (Intenta completar os seguintes exercicios antes de mirar a resposta que tés ao final).

1. A fragmentación da propiedade agraria faise máis evidente na _____. As 3/4 partes das explotacións teñen menos de_____ Ha.
2. A modernización do agro significou a_____das tarefas agrarias e a introdución de abonos_____.
3. En 1989 só o _____da superficie agraria vivira un proceso de concentración parcelaria.
4. As plantas _____ocupan o primeiro lugar das terras cultivadas.
5. A vaca_____representa entre o 80/ 90% do gando vacún.
6. A pesca _____traballa nos bancos pesqueiros próximos da costa.
7. Por volta do 82,4% das empresas galegas teñen _____de seis obreiros.
8. As provincias interiores contan cunha_____ diversificación das súas actividades industriais.
9. O sector industrial vinculado ao _____aparece concentrado en Vigo e a súa área próxima.
10. Boa parte dos centros comerciais aparecen concentrados nas áreas de_____ e _____.
11. Secularmente, Galicia estivo _____ comunicada co resto da península.
12. O tráfico de mercadorías realízase en gran parte a través do transporte_____.
13. O 13,3% da poboación activa galega aparece vinculada coa actividade _____.
14. As _____na redes de transportes facilitaron o _____do turismos en Galicia.
15. A _____foi a unidade sobre a que asentou a realidade territorial desde a Idade Media.
16. En _____constitúese a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
17. Na actualidade en Galicia conviven dúas realidades socioeconómicas _____.

2. Resposta as seguintes cuestións:

1. A que se debe a alta fragmentación parcelaria existente na maioría do país?
2. Cales son as áreas máis favorábeis para o cultivo en Galicia?
3. Que proceso viviu a vinicultura galega a partir dos anos 80?

4. Xunto ao bovino e porcino, que outras actividades gandeiras se desenvolven en Galicia?
5. Indica os dous grandes grupos en que podemos agrupar a frota galega?
6. Cal é a causa da alta densidade da rede de estradas?
7. Sinala os principais sectores presentes na estrutura industrial de Galicia.
8. Que motivou o incremento do tráfico aéreo nos últimos anos?
9. Que tipo de infraestrutura hoteleira aparece vinculada ao turismo termal?
10 Que supón a chegada do millo no século XVII?

Respostas exercicios

1. Completa as frases
1. costa. 5.
2. mecanización, minerais.
3. 20%.
4. forraxeiras.
5. frisona.
6. artesanal.
7. menos.
8. menor.
9. transporte.
10. Vigo, A Coruña.
11. mal.
12. marítimo.
13. turística.
14. melloras, incremento.
15. parroquia.
16. 2001.
17. asimétricas.

2. Resposta as seguintes cuestións:

1. A orixe desta realidade hai que a procurar nos sistemas de transmisión hereditaria que dividen as propiedades entre todos os fillos.

2. As áreas máis favorábeis para o cultivo son as amplas superficies achairadas da Coruña e Lugo e as zonas de val.

3. O proceso vivido pola vinicultura está en relación á substitución de variedades alóctonas por variedades tradicionais.

4. Nas últimas décadas, adquiriron maior protagonismo a avicultura, a cunicultura e a cría de visóns en menor medida.

5. Coexisten dúas realidades: un sector artesanal que traballa nos bancos pesqueiros próximos á costa; e un outro sector industrial que se adica á pesca de altura e grande altura.

6. A principal causa da alta densidade está motivada polo espallamento dos núcleos de poboación.

7. Destaca o sector da fabricación de material de transporte, o sector de alimentación, a metalurxia, o eido do téxtil, a industria da madeira e derivados.

8. O incremento experimentado polo trafico aéreo está relacionado coa elevación do nivel socio-económico e a proliferación de liñas de baixo custe (low-cost).

9. Dentro das instalacións do turismo termal atopamos os balnearios, que utilizan as augas mineromedicinais, os centros de talaso, que fan uso de auga de mar, e os centros spa que contan con instalacións de auga para uso lúdico.

10. Foi un factor determinante que mudou tanto a realidade demográfica como a configuración agraria do país.